



COLABORADORES

Ilustradores: Lázaro Enríquez

Lázaro ENRÍQUEZ (A Habana, 1950- Vigo, 2005)

Calígrafo, ilustrador e deseñador gráfico, afincado en Galicia desde 1990. Graduado na Escola Nacional de Arte e no Instituto Superior de Deseño Informal e Industrial (1971) e licenciado en Xornalismo pola Universidade da Habana (1977). Membro da Unión de Escritores e Artistas de Cuba. Profesor de Gráfica Aplicada no Instituto Superior de Arte nos anos 1984 e 1985.

Foi recoñecido con numerosos galardóns: segundo premio do IX Concurso Noma (Xapón) por *Buscando a Buba*; Waterman de caligrafía; finalista do Premio Edebé de Literatura Infantil por ilustrar o libro *As raíces do tamarindo* de Sindo Pacheco.

Entre os moitos libros que ilustrou destacan *Chove nos versos*, *Dez eran dez*, *Así viviu Ánxel Fole*, *Cuca e o abrigo marrón*, *Diccionario dos seres míticos galegos*, *A Vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán*, *Postais no camiño*, *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral*, *Contos de maxia, II*, *Paxaros de papel*.

In memoriam

Chéganos a mala nova da morte do noso amigo Lázaro Enríquez. Golpes tremendos que dá, sen avisar, a Morte Moura. Ademais de amigo, Lázaro era, así llo dicíamos, o noso ilustrador de cámara. Vai facer sete anos que o coñecemos para falar das ilustracións do Diccionario dos seres míticos galegos. O noso editor atinara co ilustrador axeitado. Lázaro soñou canda nós os rostros do imaxinario colectivo galego, e debuxounos. O seu foi un traballo redondo e quizais nunca ben recoñecido. Despois ilustrou outras dúas obras nosas: un volume da colección Cabalo Buligán e a escolma de relatos eróticos da tradición oral *Contos colorados*. O resultado foi magnífico.

De Lázaro cativounos a elegancia e a perfección do calígrafo, deseñador e ilustrador; era alegre, vital, divertido, intelixente, cultísimo, cun fino sentido do humor, cunha calidade humana e unha coherencia ideolóxica inquebrantables.

O limiar do Diccionario remata así: *A Lázaro Enríquez, xenial artista cubano galaico, el soñou con nós os*

habitantes deste mundo que aquí vos ofrecemos, e púxoos no papel co lapis e as acuarelas. El é o creador gráfico deste maravilloso retablo que entre todos erguemos... Só che queda a ti, lector, poñer en cada un deles o teu sopro de alento. □

Lázaro Enríquez naceu na Habana en 1950 e alí comezou a súa traxectoria arredor do mundo do libro e da edición. Instalado en Galicia continuou este labor con obras que permanecerán e serán valoradas consonte aos merecementos dun mestre.

Na nosa alma fica un baleiro. Dende a dor que sentimos e compartimos con familiares e amigos, quedámonos coa calidade das súas creacións gráficas, coa sorte que tivemos ó cruzármonos no camiño e co seu sorriso aberto. Mágoa que non podamos facer chegar á outra banda o noso sopro do alento.

[Xoán Ramiro Cuba, Xosé Miranda e Antonio Reigosa, La Voz de Galicia, 17-XII-2005]

Ilustracións en Galicia Encantada: [Raposa das Mordazas](#)

.
